



PLAN TIC

IES EDUARDO PONDAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN.**
- 2. PRESENTACIÓN DO CENTRO.**
- 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN PREVIA DO CENTRO.**
- 4. PROGRAMACIÓN DO PROXECTO.**
 - 4.1 OBXECTIVOS A MEDIO PLAZO*
 - a) OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO
 - b) OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO
 - c) OBXECTIVOS PARA OS PAIS/NAIS
 - d) OBXECTIVOS PARA AS INSTALACIÓNS
 - e) OBXECTIVOS PARA O SOFTWARE
 - 4.2 PLAN DE TRABALLO PARA O CURSO*
 - a) PROPOSTA DE TRABALLO PARA O PROFESORADO.
 - b) PROPOSTA DE TRABALLO PARA O ALUMNADO
 - c) PROPOSTA DE TRABALLO COAS FAMILIAS
 - d) PROPOSTA DE TRABALLO PARA A XESTIÓN DO CENTRO.
 - 4.3 PLAN DE TRABALLO A LONGO PLAZO*
- 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

1. XUSTIFICACIÓN

A necesidade da implantación das novas tecnoloxías na educación de hoxe en día xustifícase por si soa. É incuestionable que a sociedade da información e o coñecemento está a producir cambios revolucionarios en todos os aspectos da sociedade. A educación, por tanto, lonxe de quedar ó marxe, emerxe como un dos campos mais activos de tal revolución.

Sen demorarnos máis nestas abstraccións, había que facer unha análise da situación xeral do centro neste ámbito. Imporíase, pois, facer un estudo da situación de partida, valorando as vantaxes e as eivas, as carencias e as posibilidades, os medios humanos e as infraestruturas...etc., para poder deseñar finalmente os fundamentos dun proxecto TIC real, eficaz e permanente.

O obxectivo é claro: dinamizar as novas tecnoloxías da educación no noso instituto, facelas omnipresentes e próximas, cunha axeitada proxección de cara a comunidade educativa, ao tempo que se amosaran sinxelas e eficientes, tanto dende a súa vertente administrativa e de xestión, como dende a súa integración curricular e social.

Do seu desenvolvemento, dáse conta nos seguintes apartados.

2. PRESENTACIÓN DO CENTRO

INFRAESTRUTURA

O recinto escolar consta de tres edificios independentes separados entre si por zonas pavimentadas con pasarela de acceso cubertas. Contamos tamén cun pequeno aparcamento e unha pista polideportiva ao aire libre.

O edificio central consta de tres plantas. Na planta baixa sitúanse a Conserxería, a oficina, os despachos da Secretaría, Vicedirección, Xefatura de Estudos e Dirección. Tamén están o Departamento de Orientación, a sala de profesores, a sala de visitas, o salón de actos, a biblioteca e a cafetería. As aulas desta planta albergan os tres grupos de 2º de ESO, o grupo de 3º de DC e 1 grupo de 4ª. Ademais, hai unha aula para desdobres equipada con 6 ordenadores.

Na planta primeira encóntranse as aulas de 1º de ESO, os departamentos didácticos, a sala de Proxeccións, os laboratorios de Física e de Química e dúas aulas pequenas para agrupamentos específicos ou desdobres.

Na segunda planta están as aulas de 1º e 2º de bacharelato, dúas aulas de informática, a aula de Debuxo e o laboratorio de Ciencias.

No semisotano están as aulas de 3º e 4º de ESO, a aula de francés e unha aula pequena para desdobres.

Nun dos edificios anexos están situadas as aulas de Música e Tecnoloxía e os seus correspondentes departamentos didácticos.

O restante edificio alberga un polideportivo cos vestiarios e servizos correspondentes.

FUNCIONAMENTO

O claustro está formado por 50 profesores. Neste curso contamos cun total de 407 alumnos distribuídos da seguinte maneira:

ESO: 3 grupos en 1º ESO: 82 alumnos, 3 grupos en 2º ESO: 79 alumnos, 4 grupos de 3º ESO: 56 alumnos, 3 grupos de 4º ESO: 63 alumnos e 1 grupo de diversificación curricular en 3º ESO: 10 alumnos.

BACHARELATO: 70 alumnos de 1º: 1 grupo de Ciencias, 1 grupo Mixto, 1 grupo de Humanidades e CC Sociais; 44 alumnos de 2º LOE: 1 grupo de 2º bacharelato de Ciencias, 1 Mixto e 1 de Humanidades e CC. Sociais; 3 alumnos LOXSE que repiten con tres ou menos asignaturas pendentes.

HORARIO XERAL DO CENTRO

Desde o comezo do curso o Centro permanece aberto de luns a venres, desde as 8:45 ata 14:25. Polas tardes, os martes (con clases de 16.30 a 18.10), mércores e xoves o horario é de 16:30 a 19:00.

As tardes dos luns e os venres poderá abrirse con actividades ocasionais previamente programadas, tales como actividades extra escolares, exames, actividades de formación ou reunión de membros da Comunidade escolar ou cursos organizados, previamente notificadas á Dirección.

HORARIO DE CLASES

A distribución do horario lectivo será de luns a venres de 8,45h a 14,25 h, con seis períodos lectivos de 50 minutos e dous recreos de 20 minutos, de 10,25h a 10.45 h. e de 12.25h a 12.45h.

Pola tarde, os martes haberá clase de 16:30 a 18:10. Os mércores e xoves pola tarde o centro permanecerá aberto para a realización de actividades ou para realizar traballos na biblioteca.

Durante os recreos a biblioteca permanecerá aberta para poder solicitar préstamos, para a lectura da prensa escrita e utilización dos ordenadores alí situados tanto para traballar como para realizar consultas en Internet.

Así mesmo, haberá competicións deportivas durante os recreos entre equipos de alumnos en distintas modalidades.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN PREVIA DO CENTRO:

Para desenvolver un plan de actuación coherente e eficaz imporíase facer un estudo previo da situación das novas tecnoloxías no centro.

Partimos dun bo equipamento: conexión cableada nas aulas e puntos de acceso wifi en todo o centro realizada pola consellería de educación, dúas aulas compartidas con informática e tecnoloxía), ordenadores portátiles para uso da comunidade educativa, ordenadores de sobremesa na sala do profesorado, nos departamentos, na biblioteca e nas aulas (aínda que estes últimos son PCs bastante antigos que se foron reciclando), ademais dos da secretaría e despachos da directiva, canons de proxección e unha pizarra dixital. Contamos cunha páxina web do centro, de plataforma educativa virtual e de blogs de departamento.

Pero as carencias son evidentes. O uso das TIC por parte da comunidade educativa é puntual e pouco cohesionado. O mantemento dos equipos, sen protocolo de actuación, resulta voluntarista. A formación do profesorado nas TIC é precaria e a motivación escasa. O uso da plataforma virtual é practicamente nulo así como a actualización e uso dos blogs de departamento (salvo casos puntuais). O mesmo se pode dicir do uso dos equipamentos e a presenza dos medios na vida diaria do instituto, etc.

Temos que dar resposta a tal situación, e da súa análise xurdiron, enseguida, as necesidades máis urxentes: o mantemento, a reorganización e optimización das redes, a ampliación do equipamento, a motivación e concienciación do profesorado para a dinamizar o uso das TIC, a formación do mesmo, a creación de espazos e instalacións que fixesen presentes as novas tecnoloxías, o mobiliario, o uso da plataforma educativa virtual, os blogs de departamento e espazos dixitais do profesorado, a asistencia na creación de contidos, a creación da arquitectura dixital para a organización dos mesmos, a difusión das novas tecnoloxías na comunidade educativa, a súa proxección no exterior, a creación de ferramentas dixitais para a creación de contidos educativos, a potenciación da innovación educativa a través das TIC... etc., etc.

En fin, o reto é ambicioso. Temos que actuar en moitos fronts polo que se fai necesario ordenar as ideas e construír un proxecto efectivamente ambicioso, pero coherente, eficaz e realista.

4. PROGRAMACIÓN DO PROXECTO:

Unha vez detectadas as necesidades e carencias, semella doado enunciar os obxectivos nos que temos que traballar. Propóñense os seguintes:

4.1 OBXECTIVOS A MEDIO PRAZO:

a) Para o profesorado:

- Concienciación sobre a **sociedade do coñecemento**.
- **Dinamizar a aplicación do proxecto tic.**
- **Impulsar o uso de Internet** como ferramenta de traballo.
- Fomentar no noso centro **unha comunidade de intercambio de ideas, experiencias e proxectos** relacionados co TIC utilizando o software educativo libre.
- **Utilización dos materiais curriculares** dispoñibles para a súa aplicación na aula, así como a creación doutros novos.
- **Integrar as TIC na práctica docente** e na relación co conxunto da comunidade educativa.
- **Integrar os cambios metodolóxicos** necesarios encamiñados cara a unha metodoloxía activa a través das TIC.
- **Cambiar de forma progresiva o rol do profesor** para conseguir que cada vez sexa máis un mediador no proceso de ensino.
- **Optimizar o uso da rede** local.
- Perseguir unha **formación flexible e permanentemente actualizada dos profesores**.
- Atender á **diversidade** da aula usando os recursos e actividades **acesibles** a través das TIC.
- Proporcionar axuda e asesoramento ao profesorado nos problemas que se lle presenten ao aplicar as novas tecnoloxías.
- Posibilitar o acceso á información contida na rede.

- Realizar sesións formativas e informativas co profesorado do centro, para formar sobre o uso dos equipos e os programas, e informar dos materiais curriculares dispoñibles, novos programas, etc,...
- Incorporar ó maior número de docentes no uso das TIC.
- Proporcionar ó profesorado a formación necesaria, continua e progresiva para incorporar prácticas docentes máis acordes co alumnado e a sociedade actuais.
- Consegui que o profesorado adquira o nivel de competencia necesario para empregar todos os recursos do centro.
- Promover a creación de contidos didácticos e aplicacións para o traballo dende a casa (“aula virtual”).

b) Para o alumnado:

- Desenvolver a capacidade de **acceder á información**.
- Aproveitar as oportunidades que a sociedade do coñecemento ofrece **evitar fracturas dixitais excluíntes** a colectivos sociais dentro do alumnado, poñendo á súa disposición os medios do instituto.
- Atender á **diversificación** facilitando medios e recursos de aprendizaxe.
- Facilitarlles **información e orientación** do seu futuro laboral e académico.
- Facilitarlles **información cultural e social** do seu entorno.
- Facilitarlles **información administrativa e académica** do seu instituto.
- Fomentar a aprendizaxe autónoma e permanente do alumnado. **Técnicas de estudo e “aprender a aprender”**.
- Impulsar o uso racional e crítico das novas tecnoloxías, capacitándoos para entender e expresarse a través delas.
- Desenvolver a capacidade de acceder, organizar e tratar a información mediante novos medios informáticos.
- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información na rede, a enciclopedia máis extensa, variada e actual, para usar esa información como recurso educativo.
- Comunicarse con escolares doutros entornos, descubrir outras culturas, contrastar ideas, ...
- Aprender a usar novas ferramentas e os novos medios para comunicarse e para publicar información a audiencias potencialmente ilimitadas a través da rede.
- Converter as TIC nun elemento integrador que proporcione as mesmas oportunidades a todo tipo de alumnado.

c) Para os/as pais/nais:

- Ofrecéndolles o seu **espazo dixital de información** e participación no noso centro.
- Ofrecéndolles, con medios dixitais, un **asesoramento laboral, persoal e académico** sobre o futuro dos seus fillos/as.
- Facilitándolles **recursos e medios de educación**. Técnicas de estudo e “aprender a aprender”.
- **Orientándolles**, a través de medios dixitais, no enriquecemento da educación dos seus fillos/as.

- Facilitarlles a **cumprimentación administrativa virtual** (matrícula, permisos, etc.) a través da páxina web do instituto.

d) Obxectivos de instalacións, equipamentos e mantemento:

- **Adecuar espazos e mobiliario** do centro ao uso das TIC.
- **Reorganización e optimización das redes** do instituto.
- **Reutilización dos equipos** máis obsoletos.
- **Instalacións de proxectores** nas aulas.
- **Mantemento xeneralizado.** Renovar e manter os equipos informáticos do centro. Creación de protocolo de mantemento e aplicación *on line* de incidencias.

e) Obxectivos de software:

- **Normalización lingüística** do software do instituto en galego.
- Formar e asesorar no novo sistema de xestión educativa **Xadeweb** no centro.
- Potenciación e implementación do **software libre**.
- Actualización e ampliación da páxina web do instituto.

4.2 PLAN DE TRABAJO A CURTO PRAZO

a) PROPOSTA DE TRABAJO PARA O PROFESORADO

De cara ao curso que ven pretendemos unha implementación xeral nos seguintes recursos educativos nas clases:

- 1) Fomentar o uso do Weblog na nosa web, uso da intranet e de redes educativas.
- 2) Uso das TICs como instrumento educativo.
- 3) Uso da PDI (pizarra dixital interactiva).
- 4) Uso de software de simulación, animación, cálculo, gráfico, etc.
- 5) Uso de e-books, dicionarios electrónicos e bibliotecas virtuais para o fomento da lectura.
- 6) Tentaremos crear un escenario interactivo de participación do alumnado no que as novas tecnoloxías incidan na súa formación que lles leve a medrar na súa curiosidade, motivación e apetito de información para garantir un ensino individualizado que atenda á diversidade.
- 7) Tamén fomentaremos a aprendizaxe a través de redes telemáticas como un espazo social de novos coñecementos.

b) PROPOSTA DE TRABAJO PARA O ALUMNADO:

Empregaremos a seguinte técnica para que o alumnado aprenda e xestione os contidos a base de manipular ferramentas dixitais. Acadarán a meta seguindo unha estrutura:

Búsqueda de información.

- Como chegar ao obxectivo? Planificar a estratexia.
- Que é o que teño que buscar? Fixar obxectivos
- Como o teño que buscar? Utilización da rede.

- Onde o podo buscar? Bibliografía, internet: Chat, How to, FAQ, buscadores e metabuscadores, News, dicionarios online, listas de distribución, navegadores, etc.
- Quen o vai buscar? Foros de discusión
- Cando o vai ter buscado? Temporalización.

Tratamento da información

- Análise crítica do material atopado.
- Edición do proxecto que se vai facer (esquema). Síntese e elaboración dunha estrutura, obtendo puntos claves.
- Implementación do software específico para manipular arquivos.
- Elaboración de arquivos coa información seleccionada.

Elaboración de materiais

- Selección do mellor soporte para a exposición do proxecto.
- Planificación dos materiais que se vai elaborar.
- Selección dos materiais dos arquivos creados nas fases anteriores.
- Elaboración dos materiais: textos ilustrados, materiais multimedia, e-books, etc.

Exposición do proxecto

- Deberán expoñer o seu traballo aos compañeiros. Usarán software axeitado para facer presentacións, vídeos, música, imaxes, procesadores de texto, etc.

c) PROPOSTA DE TRABALLO COAS FAMILIAS:

- Potenciar a comunicación e a información a través do portal web.
- Usar as TIC nas comunicacións coas familias para que accedan á información que precisen dos seus fillos.
- Difundir os valores dun uso responsable e crítico das TIC.

d) PROPOSTA DE TRABALLO NA XESTIÓN DO CENTRO:

- Xestionar eficientemente os recursos multimedia e informáticos do centro.
 - Dispoñer no horario do profesorado de persoas responsables, con horas suficientes, para asegurar un mantemento eficaz do sistema.
 - Crear un grupo reducido de profesores (un deles terá tempo de dedicación no seu horario sempre que sexa posible) que administre a web dinámica e a plataforma de e-learning, encargado tamén de dar de alta ao alumnado nas weblogs. O resto do profesorado a través dos departamentos elaborará e xestionará contidos das diferentes áreas que se irán introducindo na plataforma de aprendizaxe para a utilización do noso alumnado.
 - Utilizar todos os recursos do Xadeweb para a xestión da secretaría: rexistros de entrada e saída, de actividades...
 - Crear tres aulas TIC de uso compartido.

- Dotar cada aula cun ordenador, proxector e PDI.
- Mellorar o sistema informático coa instalación dun servidor por rede.

4.3 PLAN DE TRABAJO A LONGO PRAZO

- Incorporar a todo o persoal docente no uso das TIC.
- Propiciar a investigación e innovación educativa.
- Acadar unha alfabetización dixital real entre o alumnado.
- Propiciar intercambio de experiencias con outros centros educativos, a nivel nacional/internacional (e-twinning).
- Creación dunha intranet de centro
- Fomentar o traballo colaborativo a través de dita intranet.
- Creación dun xornal on-line, a través do “phpnews”.
- Mellorar a calidade da atención que se presta ó alumnado e ás súas familias dende o punto de vista da xestión e da administración.
- Optimizar os recursos dispoñibles no centro.
- Migración progresiva ó software libre.

Estes obxectivos serán incluídos no plan anual do centro

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Optouse por criterios de avaliación que medisen dun xeito sinxelo a consecución dos obxectivos. Por tanto, decidíronse só dous parámetros para avaliar o resultado final: contabilizar o número de realizacións completas das tarefas previstas, dentro do marco temporal programado, e o grado de satisfacción do profesorado no apartado da formación en TIC. Este último medido a través de enquisas específicas.

O grado de uso das ferramentas, procesos e instalacións creadas, desestimouse por ser este ano o primeiro en xurdir unha cantidade de novidades tal que precisaría máis dun curso para seren asimiladas pola comunidade educativa, polo que a súa medición aportaría datos pouco significativos. Todo proceso necesita o seu tempo de maduración e este aínda era o seu primeiro paso. De todos os xeitos, sorprendeu a rápida integración e o uso maioritario de moitas das actuacións.